

Foto: Silvia Lorenzo Abalde

DECEMBRO 2025

RESUMO MENSUAL DE ACTIVIDADES

cinbio

DECEMBRO 2025

XESTIÓN CINBIO



Instalacións finalizadas:

- Instalación de mobiliario e de dúas vitrinas de extracción de gases nos novos laboratorios do módulo 2.
- Certificación do sistema de xestión da calidade ISO 9001.
- Instalación de lectores de acceso nos laboratorios dos grupos: Física e Química de Materias, Nanomateriais Biomiméticos, Innovación en Agroalimentación e Saúde, despachos de investigación do módulo 6 e novos laboratorios do M2.
- Mellora do equipamento dos laboratorios comúns: incubador de CO₂ na sala de cultivos e nova cabina de seguridade biolóxica en NCB3.
- Adquisición de novas infraestruturas científicas no marco do convenio entre a Xunta e a UVigo:
 - Sistema microfluídico plug-and-play de formulación de nanopartículas
 - Disgregador de tecidos
 - Espectrómetro EPR (X-band Bench-top CW EPR Spectrometer System)
 - Multimostrador robotizado de espazo de cabeza para cromatógrafo de gases-masas
 - Sistema de síntese e monitorización de nanopartículas
 - Cámara QPI SID4-HR wavefront sensor, incluíndo a solución de hardware e software
 - Espectrómetro de dicroísmo circular vibracional FVS-6000
 - ICAP PRO XP DUO
 - Pletina motorizada para microscopio
 - Dedo frío para medidas de resonancia paramagnética a baixa temperatura
 - Sistema Microwave con rotor de 12 posicións
 - Renovación do Cary 5000 (laboratorio de óptica do M4).
- Concesión da prórroga da AEI do centro.
- OCA favorable da instalación térmica do animalario.
- Mellora das instalacións do servizo de histoloxía para a incorporación dun disgregador de tecidos ao servizo.

DECEMBRO 2025

XESTIÓN CINBIO



Instalacións en curso:

- Licitación do equipamento financiado polo Ministerio no marco da convocatoria de equipamento científico (2024): Sistema automatizado para a fabricación e multiescreening de nanomateriais.
- Instalación do novo equipamento científico adquirido no marco do convenio entre a Xunta e a UVigo.
- Modificación do sistema de accesos ao animalario para a mellora da seguridade (na actualidade é necesario premer un botón para que se poidan abrir as portas; por PRL cómpre modificalo para que a saída non requira deste pulsador).
- Mellora das instalacións do Raman para a incorporación de pequeno equipamento científico (Raman portátiles).
- Mellora da sala de láseres do M2.

#teamCINBIO

Tendes a vosa disposición a enquisa de satisfacción do CINBIO para a mellora constante dos servizos é da xestión do centro. ➡ [Máis info.](#)

Tamén lembrar a importancia de **mentonar os servizos e infraestruturas** do centro utilizados nos artigos e publicacións. Moitas grazas!



PIRÁMIDES DE EXIPTO CON TEMPLOS CHINESES

A fotografía de decembro no calendario do #teamCINBIO está realizada por Silvia Lorenzo Abalde, do grupo de Inmunoloxía.

Nela podemos observar cristais de PBS 10x (tampón fosfato salino cristalizado).



Happy 60th Birthday Luis

Este mes de decembro a revista *Advanced Optical Materials* publicou un número especial dedicado ao Prof. Luis Liz Marzán, líder do grupo de Nanomateriais Biomiméticos (BIOMIMAT) do CINBIO, destacando as súas contribucións clave para a química coloidal.

[Máis información.](#)



Mestrado do CINBIO

O xornal Faro de Vigo fíxose eco do mestrado propio do CINBIO que arrancará no curso 2027-2025 co fin de fortalecer o I+D en nanomateriais e biomedicina e o tecido industrial galego. Formará a profesionais capaces de desenvolver tratamentos, dispositivos e solucións innovadoras no ámbito sanitario. [Máis info.](#)



Xornada #teamCINBIO

O día 17 tivo lugar unha xuntanza do #teamCINBIO na que compartimos obxectivos e as liñas estratéxicas que marcarán o rumbo do centro no vindeiro ano. Ademais, recoñecemos o traballo dos compañeiros que defenderon a súa tese no 2025 e presentamos as fotos gañadoras do concurso de foto. [Máis información.](#)



Seminario bioexperimentación


O 18 de decembro M^a Isabel Manzano, veterinaria e responsable técnico produción biolóxicos en CZ Vacines, impartiu o seminario "Protexer o benestar en proxectos de investigación con modelos animais", dentro do programa de formación do CINBIO. [Máis información.](#)



Tese Paula Mora

O xoves 18 de decembro Paula Mora, do grupo ORCHID do CINBIO, defendeu a súa tese de doutoramento co título "Síntesis del ácido nahuoico A y análogos estructurales como inhibidores de la metiltransferasa de histonas SETD8".

[Máis información.](#)



Tese Óscar Iglesias

Este venres 19 de decembro Óscar Iglesias Mendiña, do grupo ORCHID do CINBIO, defendeu a súa tese de doutoramento baixo o título "Macrolactamas Poliénicas: Síntesis Estereoselectiva y Determinación Estructural".

[Máis información.](#)

ADIANTO XANEIRO 2026

CINBIO SEMINAR PROGRAMME



- Luns 12 de xaneiro ás 11:00 horas na Sala de Seminarios
Seminario Hedi Mattoussi (*Florida State University*): "“Structural and photo-physical stabilization of perovskite quantum dots using polyzwitterion/polysalt ligands”".

[Máis info.](#)



- Venres 23 de xaneiro ás 11:00 horas na Sala de Seminarios:
Seminario Daniel Jaque (Universidad Complutense de Madrid):
[Próximamente máis información.](#)

OUTROS EVENTOS

[Frontiers in Plasmonic Nanostructures: A Symposium Honoring Luis Liz-Marzán](#)


O xoves 15 de xaneiro terá lugar un simposio especial para celebrar as destacadas contribucións á nanoplasmonica por parte do noso compañeiro Luis Liz Marzán.

[Máis información.](#)

#teamCINBIO

Son benvidas todo tipo de suxestións e ideas sobre as áreas temáticas das actividades formativas así como propostas de seminarios e clases maxistras. Igualmente, aquelas persoas que queirades participar presentando a vosa investigación no ciclo “Coñece ao #teamCINBIO”, non dubidedes en facérnolo saber.


Dear #teamCINBIO
Happy holidays



Grazas polo voso traballo, compromiso e dedicación ao longo do ano, que fan posible avanzar na investigación e no coñecemento cada día. Que estas datas sirvan para descansar, compartir e coller folgos para o novo ano. Boas festas e os mellores desexos para o 2026!

Thank you for your work, commitment, and dedication throughout the year, which make it possible to advance research and knowledge every day. May this season be a time to rest, share, and recharge for the new year. Happy holidays and best wishes for 2026!

Estimado #teamCINBIO
felices festas!



cinbio.es

